



CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DE DEREITOS SOCIAIS, CONSUMO E AXENDA 2030 E O INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO ARBITRAXE DE CONSUMO NO SEU CORRESPONDENTE ÁMBITO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O DIRECTOR
DO INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA

DECLARA:

Que este INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA ten previsto formalizar co MINISTERIO DE DEREITOS SOCIAIS, CONSUMO E AXENDA 2030 o instrumento convencional arriba referido. Dito convenio terá una vixencia de catro anos, prorrogables, por un período de ata catro anos adicionais .

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración entre o INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA e MINISTERIO DE DEREITOS SOCIAIS, CONSUMO E AXENDA 2030, co fin de determinar que a Xunta Arbitral de Consumo da Comunidade Autónoma de Galicia, con sede en Santiago de Compostela, cuxo ámbito territorial vén determinado polo propio da Comunidade Autónoma de Galicia, coñecerá, con carácter prioritario, das reclamacións dos consumidores e usuarios do devandito ámbito, en relación cos seus dereitos legalmente recoñecidos, de conformidade cos criterios competenciais e o procedemento establecido no Regulamento que regula o Sistema Arbitral de Consumo, aprobado por Real Decreto 713/2024, do 23 de xullo, a fin de desenvolver a arbitrase de consumo no seu correspondente ámbito.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Primeiro.- En cumprimento do mandato constitucional, o Capítulo II, do Título V, do Libro Primeiro, do texto refundido da Lei Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios, aprobado mediante Real Decreto Legislativo 1/2007, do 16 de novembro, establece o réxime xurídico do Sistema Arbitral de Consumo, facultando ao Goberno para que regulamentariamente estableza a súa organización, xestión e administración, así como o procedemento de resolución de conflitos.

De conformidade co devandito mandato, o Goberno aprobou o Regulamento que regula o Sistema Arbitral de Consumo, mediante o Real decreto 231/2008, do 15 de febreiro, establecendo a canle para que os conflitos de consumo poidan resolverse nesta vía de carácter inmediato e áxil, sen diminución das garantías e dereitos que deben recoñecerse ás partes.

Segundo.- Mais tarde, transcorridos máis de dezaseis anos, este Regulamento substituíuse polo Real Decreto 713/2024, do 23 de xullo, polo que se aproba o





Regulamento que regula o Sistema Arbitral de Consumo, que deu continuidade ao anterior aínda que adaptou o Sistema Arbitral de Consumo ás novas normas aprobadas, tanto da Unión Europea, como de carácter nacional.

Adicionalmente, a Lei 7/2017, do 2 de novembro, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/11/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013, relativa á resolución alternativa de litixios en materia de consumo, completa o marco legal da Arbitrase de Consumo, correspondendo a ordenación e xestión do Sistema Arbitral de Consumo ao Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030, a través da Dirección Xeral de Consumo, tal como recóllese na letra b) do apartado 2, do artigo 7 do Real Decreto 209/2024, do 27 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030.

Terceiro.- Mediante Convenio de data 18 de xuño 2021, de conformidade co establecido no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, constituíuse a Xunta Arbitral de Consumo da Comunidade Autónoma de Galicia (en diante, a Xunta Arbitral), realizando desde entón un importante labor para a resolución de conflitos de consumo no seu ámbito territorial.

Así pois, o Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 e o Instituto Galego do Consumo e da Competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, conscientes da necesidade de facilitar aos consumidores un medio eficaz de resolución de conflitos e tendo en conta a experiencia positiva desde a súa constitución, consideran aconsellable dar continuidade á Xunta Arbitral.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificable o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela na data indicada ó marxe .

